

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP PLURILINGÜE DE OUTES

CURSO: 2º B

MATERIA: Lingua galega, Lengua castellana, Matemáticas, Ciencias
sociais, Ciencias naturais, Valores sociais e cívicos.

DATA: 12/05/2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles		
Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe	Competencias clave
LINGUA GALEGA	LINGUA GALEGA	L. GALEGA
B1.2. Comprende informacións audiovisuais sinxelas procedentes de diferentes soportes.	LGB1.2.1. Comprende informacións relevantes sinxelas dos documentos audiovisuais que inclúan imaxes e elementos sonoros de carácter redundante.	CCL ▪ CD ▪ CAA ▪ CSC
B1.3. Comprender e producir textos orais sinxelos, propios do uso cotián ou do ámbito académico.	LGB1.3.2. Sigue unha exposición breve da clase ou explicacións sobre a organización do traballo e pregunta, se é preciso, para verificar a súa comprensión.	▪ CCL ▪ CAA
B2.1. Comprender e localizar información explícita en textos sinxelos de uso cotián ou procedentes dos medios de comunicación.	LGB2.1.3. Localiza información en textos vinculados á experiencia, tanto os producidos con finalidade didáctica como os de uso cotián (folletos, descrições, instrucións e explicacións).	CCL ▪ CAA ▪ CSIEE
B2.3. Ler, de forma guiada, textos adecuados aos seus intereses para chegar progresivamente á expresividade e autonomía lectoras, e dramatiza cando é preciso.	LGB2.3.2. Le textos sinxelos, en voz alta, coa velocidade adecuada	▪ CCL
B3.1. Producir e reescribir textos sinxelos, relativos a situacións cotiás infantís, aqueles propios dos medios de comunicación ou os relacionados coa escola.	LGB3.1.2. Elabora o texto, con coherencia xeral e de xeito creativo. LGB3.1.4. Aplica, de maneira xeral, as regras ortográficas, con especial atención ao uso das maiúsculas.	CCL ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA ▪ CSIEE
B4.2. Coñecer e aplicar as normas ortográficas máis sinxelas.	LGB4.2.1. Coñece de forma xeral as normas ortográficas máis sinxelas e aprecia o seu valor social e a necesidade de cingirse a elas.	▪ CCL ▪ CSC ▪ CCEC

B5.1. Recrear e reescribir diversos textos literarios, usando modelos.	LGB5.1.1. Recrea e reescribe diversos textos literarios sinxelos: contos, poemas, refráns, adiviñas, trabalinguas, cantigas e xogos de sorte; usando modelos.	CCL ▪ CAA ▪ CCEC
LINGUA CASTELÁ	LINGUA CASTELÁ	L. CASTELÁ
B1.1. Participar en situacións de comunicación, dirixidas ou espontáneas, respectando o quenda de palabra e a intervención dos e das demais.	LCB1.1.1. Expresa de forma global sentimentos, vivencias e opinións. LCB1.1.2. Aplica as normas socio - comunicativas: escoita, espera de quendas.	CCL CAA CSC
B2.1. Ler en voz alta e en silencio, diferentes textos sinxelos de carácter infantil.	LCB2.1.1. Le en voz alta, con pronunciación e entoación axeitada, diferentes tipos de textos moi sinxelos apropiados á súa idade.	CCL
B3.1. Producir textos sinxelos segundo un modelo con diferentes formatos (descritivos, narrativos, dialogados) e intencións comunicativas(informativos, literarios e prescritivos, aplicando as regras ortográficas de nivel e coidando a presentación.	LCB3.1.1. Escribe, con axuda, en diferentes soportes, textos sinxelos propios da vida cotiá, do ámbito escolar e social, atendendo á forma da mensaxe e a súa intención comunicativa)e respectando as normas gramaticais e ortográficas básicas: cartas, folletos informativos, noticias, instrucións, receitas, textos literarios... LCB3.1.2. Presenta os seus traballos con caligrafía clara e limpeza, evitando riscos etc.	CCL CD CAA
B4.3. Aplicar os coñecementos básicos sobre as regras ortográficas para favorecer unha comunicación máis eficaz.	LCB4.3.1. Utiliza os signos de puntuación e as normas ortográficas propias do nivel e as aplica á escritura de textos sinxelos.	CCL
B5.2. Iniciar a lectura e expresiva de textos literarios narrativos, líricos e dramáticos na práctica escolar.	LCB5.2.1. Inicia a lectura guiada de textos narrativos sinxelos de tradición oral, literatura infantil, adaptacións de obras clásicas e literatura actual.	CCL CAA CCEC

MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS
B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súa resolución.	MTB1.1.1. Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema.	CMCT CCL
B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados.	MTB2.1.1. Le, escribe e ordena números ata o 999.	CMCT CCL
B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor, en situacións da vida cotiá	MTB2.2.1. Utiliza os números ordinais en contextos reais. MTB2.2.2. Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras.	CMCT CAA CCL
B2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental, en situación de resolución de problemas	MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados.	CMCT CAA
B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos, bloques de barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas...	MTB5.1.1. Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas.	CMCT CAA
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	CCSS
B1.2. Traballar en equipo e adoitar un comportamento de respecto e tolerancia ante as achegas alleas.	CSB1.2.1. Participa en actividades individuais e de grupo adoitando un comportamento responsable, construtivo e solidario, valorando o esforzo e o coidado do material.	CSC CAA

B2.1. Recoñecer a auga como elemento natural analizando os usos que o ser humano fai da auga: domésticos, económicos, públicos e deportivos recreativos. O uso responsable deste ben.	CSB2.1.1 Pon un exemplo de cada un dos usos que, o ser humano, fai da auga. CSB2.1.2. Realiza un uso responsable da auga na súa vida cotiá.	CMCCT ▪ CD ▪ CCL CSC
B3.7. Identificar as profesións que non lle son tan familiares, coñecer un pouco sobre elas e clasificalas segundo o servizo que prestan á comunidade e se se realizan en fábricas ou ao aire.	CSB3.7.1. Describe as funcións das profesións que lle son máis novas, responsabilidades, ferramentas que empregan e o servizo que lle prestan á poboación.	CSC CCL
CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA	CCNN
B3.1. Identificar as principais características e comportamentos de animais e plantas para adaptarse ao seu medio, tendo en conta o seu contorno.	CNB3.1.1. Explica as diferenzas entre seres vivos e inertes observando o seu contorno. CNB3.1.2. Identifica e describe animais e plantas do seu contorno.	CMCT CCL
B4.1. Identificar e describir a auga e o aire como recursos fundamentais para a vida, e tomar conciencia da necesidade do seu uso responsable.	CNB4.1.1. Valora e aplica usos responsables da auga. B4.1.2. Reduce, reutiliza e recicla residuos.	CMCT ▪ CSC CSIEE
B5.1. Observar, manexar e clasificar obxectos e aparellos simples domésticos e escolares identificando a súa utilidade, as partes que os compoñen e a enerxía que empregan.	CNB5.1.1. Identifica e coñece a diversidade de máquinas do seu contorno e os beneficios que producen na vida cotiá.	CMCCT CSC
VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	VALORES SOCIAIS E CÍVICOS	VSC
B2.1. Expresar opinións, sentimentos e emocións, empregando coordinadamente a linguaxe verbal e non verbal.	VSCB2.1.1. Expresa con claridade sentimentos e emocións.	CCL CSC CSIEE
B2.3. Establecer relacións interpersoais positivas empregando habilidades sociais.	VSCB2.3.1. Emprega diferentes habilidades sociais básicas.	CSC
B2.5. Contribuír á mellora do clima do grupo amosando actitudes cooperativas e establecendo relacións respectuosas.	VSCB2.5.2. Establece e mantén relacións emocionais amigables, baseadas no intercambio de afecto e a confianza mutua.	CSC CSIEE

B3.3. Implicarse na elaboración e no respecto das normas da comunidade educativa, empregando o sistema de valores persoal que constrúe a partir dos valores universais.	VSCB3.3.3. Participa na elaboración das normas da aula.	CCL CSC CSIEE
B3.6. Participar activamente na vida cívica valorando a igualdade de dereitos e corresponsabilidade entre homes e mulleres.	VSCB3.6.2. Realiza diferentes tipos de actividades independentemente do seu sexo.	CSC CSIEE

COMPETENCIAS CLAVE

- Comunicación lingüística (CCL)
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT)
- Competencia dixital (CD)
- Aprender a aprender (CAA)
- Competencias sociais e cívicas (CSC)
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE)
- Conciencia e expresións culturais (CCEC)

2. Avaliación e cualificación	
Avaliación	Procedementos e instrumentos: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado.
Cualificación final	Na avaliación final ordinaria, terase en conta os resultados das dúas primeiras avaliacións e o traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial. Este traballo inclúe actividades de repaso, reforzo e posible ampliación das aprendizaxes que teñan como referentes as competencias clave esenciais para a adecuada progresión do alumnado.
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentes	Criterios de avaliación: Ter en conta os sinalados anteriormente para cada materia.
	Criterios de cualificación: Teranse en conta os resultados obtidos nas dúas primeiras avaliacións, vendo a evolución a través do traballo realizado durante a actividade lectiva non presencial que só poderá ter valor positivo.
	Procedementos e instrumentos de avaliación: Observación e seguimento das tarefas realizadas polo alumnado que teña materias pendentes.

3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	<p>Durante o terceiro trimestre desenvolveranse actividades de recuperación, repaso, reforzo e, no seu caso, ampliación das aprendizaxes anteriores que resulten necesarias para todo ou parte do alumnado.</p> <p>Ademais a través do blogue propóñense diferentes actividades motivadoras con motivo de conmemoracións como o día do libro, o Pampallín, Letras Galegas, etc.</p>
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	<p>Dada a complexidade da situación actual que non permite que as sesións poidan levarse a cabo dunha maneira presencial, a metodoloxía estará baseada na comunicación telemática entre titor/a e alumnado a través de chamadas telefónicas, do blogue de aula que está na páxina web do centro e o correo electrónico para solucionar dúbidas e corrección de tarefas. Tamén se empregará o espazo Abalar para manter a comunicación coas familias e videoconferencias coa aplicación Cisco Webex Meetings co alumnado.</p>
Materiais e recursos	<p>Libros de texto, libretas, material funxible, ordenadores, tablets, móbiles, blogues educativos de elaboración propia e páxina web do centro.</p> <p>Hai que ter en conta que o concello presta un servizo de fotocopiado e escaneado de materiais para o alumnado.</p>

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	A comunicación centro-familias farase a través do espazo Abalar e da páxina web.
Publicidade	Publicación deste documento na páxina web do centro.